

Vicente Docasar considera “inexplicable” que a Xunta rexeite implantar unha sección de inglés da Escola Oficial de Idiomas en Chantada

O voceiro de Educación lamenta que, pola contra, o Goberno galego destine un millón de euros a unha empresa privada para facer mini-cursos de inglés nos Peares e que, sen embargo, desbote habilitar “media praza” de profesor para atender a seis concellos do suroeste de Lugo

Reclamoulle á administración de Feijóo que, “por favor, recapacite” xa que só se trata de habilitar “media praza” de profesor, que “non sería custosa economicamente pero si moi rendible socialmente”

Lembrou que, con esta negativa, a Xunta de Galicia vai en contra de seis concellos de Chantada e da Ulloa, cinco deles afíns ao PP e que teñen pedido este curso por unanimidade, así como da inspección educativa, que ten emitido informe favorable do claustro de profesores e o Consello Escolar do IES *Lama das Quendas*

Ao desbotar a solicitude formulada por Docasar, o Executivo demostra unha clara “falla de sensibilidade” con esta parte da Galicia interior. É, por este motivo, polo que o socialista subliñou que “os cidadáns de Lugo Suroeste son importantes para o PP en campaña electoral como *graneiro de votos*, pero pasado ese momento *si te vin, non me lembro*”

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 7 DE MARZO.- O portavoz de Educación do Grupo Socialista, Vicente Docasar, lamentou este venres a decisión “inexplicable” do Goberno galego de rexeitar implantar unha sección de inglés da Escola Oficial de Idiomas no Instituto *Lama das Quendas*, de Chantada.

O responsable socialista presentou unha pregunta oral na Comisión de Educación do Parlamento para trasladarlle ao Executivo esta solicitude. Neste senso, o deputado autonómico reclamoulle á administración de Feijóo que, “por favor, recapacite” xa que “terán moitas dificultades para explicar que destinan un millón de euros para que unha empresa privada organice cursos de inglés dunha semana nos Peares pero, sen embargo, se negan a habilitar “media praza” de profesor en Chantada, que “non sería custosa economicamente pero si moi rendible socialmente”.

Deste xeito, lembrou que, con esta negativa, a Xunta de Galicia vai en contra de seis concellos de Chantada e da Ulloa, cinco deles afíns ao PP e que teñen pedido este curso por unanimidade, así como da inspección educativa, que ten emitido informe favorable do claustro de profesores e o Consello Escolar do IES *Lama das Quendas*.

“Custe mínimo”

A este respecto, Vicente Docasar explicou que o custe da implantación deste sistema sería “mínimo”, xa que o Instituto dispón da infraestrutura necesaria e, na actualidade, tamén está aberto no horario necesario para albergar o citado servizo sen custe engadido.

Por este motivo, o deputado socialista explicoulle ao Goberno galego que o único que ten que facer é habilitar un profesor, compartido con Monforte, para impartir 12 horas de clase. A decisión permitiría atender á poboación da comarca de Chantada, nomeadamente aos concellos de Chantada, Taboada e Carballedo, así como outros tantos de Ulloa e mesmo ó de Rodeiro, situado na provincia de Pontevedra.

“Falla de sensibilidade”

O Executivo, ao desbotar a solicitude formulada polo voceiro de Educación, demostra unha clara “falla de sensibilidade” con esta parte da Galicia interior, pois afirmou que Lugo ten cuberta a demanda na Mariña, o Centro e o Sur, pero “esquece que hai unha zona Suroeste da provincia que non está ben cuberta”. É, por este motivo, polo que Docasar subliñou que “os cidadáns desta parte son importantes para o PP en campaña electoral como *graneiro de votos*, pero, pasado ese momento, *si te vin, non me lembro*”.

E é que, malia que existen Escolas Oficiais de Idiomas en Monforte, Lugo e Lalín, trátase dunha zona “mal comunicada que obriga a recorrer ao vehículo particular”, xa que non existen medios públicos de transporte, para percorrer unhas distancias “que non son menores e, polo tanto, o custe económico non é tampouco menor”, sobre todo, para persoas paradas que non contan con suficientes recursos.